

Rubicundo

 XERAIS



merlín

Rubicundo

María Canosa

Ilustracións de Nuria Díaz



Título: Rubicundo
Autora: María Canosa
Editorial: Xerais
Colección: Merlín
Nº páxinas: 88
ISBN: 978-84-9914-821-2

A autora

María Canosa é enxeñeira de Camiños, Canais e Portos de profesión, e tamén escritora de corazón. Fai equilibrios entre os números e as letras, combinando ambas as disciplinas.

A primeira novela que lle publicaron escribiuna aos trece anos. Despois dese primeiro libro, chegaron outros. Colabora en distintos medios de comunicación e diversas actividades culturais.

Ao longo da súa traxectoria ten recibido varios galardóns literarios. *Rubicundo* (Xerais, 2015) foi finalista no Premio da XXIX edición do Merlín de Literatura Infantil 2014.



A ilustradora

Nuria Díaz (Vilagarcía de Arousa, 1982). Logo de licenciarse en Belas Artes pola Universidade de Vigo traballa como deseñadora gráfica e maquetadora en varios estudos de deseño. Dedícase a xornada completa á ilustración dende o ano 2011. Compaxina o traballo de ilustración editorial con outros eidos da profesión, como a publicidade ou a ilustración aplicada a produtos. No ano 2010 gaña o Premio Pura e Dora Vázquez e publica o seu primeiro libro: “Palabra era un universo paralelo” con texto de Xoán Babarro. “Rubicundo” (Xerais, 2015) é o seu primeiro libro publicado en Xerais.



Resumo argumental

Erea é unha nena curiosa que se dedica a observar o señor Rubicundo, un veciño de costumes estraçalarios. Trátase dun ancián que adoita saír todos os días vestido con chisteira ou bombín e paraugas nunha bicicleta antiga. Fai equilibrios coa bici nun aramio acompañado do seu gato e a miúdo chega co paraugas completamente estragado.

Erea espreita de noite, para ver a que hora chega o señor Rubicundo á súa casa, e de mañá para ver cando volve saír. Tras coñecer os hábitos do veciño, un día Erea preséntaselle diante cun regalo. Contra a vontade do vello, Erea acompaña ao bar ao que acostuma ir o home.

O vello abre con desgana o regalo e comproba que é un paraugas. A nena sabía que os paraugas do señor Rubicundo sempre acababan rachados polo vento, pero o feito de acertarlle co regalo altera o vello, pois deduce que a nena espiou os seus movementos. Darío, o camareiro do bar, tráelle un café ao vello que, sen querer, esparéxeo todo pola mesa; acción que a nena espontaneamente denomina: *sulfatar*. Esta palabra fai moita graza ao vello que non pode

parar de rir durante todo o camiño á casa. Ao día seguinte, Rubicundo saúda de bo humor a Erea e convídala a almorzar.

Nese almorzo, Rubicundo ofrécese a resolverlle a Erea todas as dúbidas sobre a súa persoa. A nena pregúntalle polo seu oficio, e o vello cóntalle que é cosedor de ventos. Con agullas de cristal e fíos de po de estrelas dedícase a coser ventos que quedan soltos e que poden ser perigosos, para reconducilos ou levalos a lugares deshabitados onde poidan correr sen facer dano a ninguén.

A nena pregúntalle tamén por que sempre está triste e enfadado, e o vello, emocionado, cóntalle que, cando era novo, a súa nai, de quen herdou o oficio de cosedora de ventos, o abandonou. A nena consólaos e ambos intúen, intimamente, que Erea será, á súa vez, quen herde a profesión de Rubicundo.

Temas e valores

A curiosidade infantil

Erea é unha nena esperta e intelixente cunha gran curiosidade polo mundo que a rodea.

Diálogo interxeracional

A novela trata da relación dunha nena e un ancián.

Fantasía e poesía

Presente na profesión de Rubicundo, o cosedor de ventos.

Amizade e amor fronte ás desgrazas da vida

Erea consegue que Rubicundo poida superar a súa tristeza polo abandono da nai.

Actividades

Antes da lectura

- Observando a portada, de que pensan que trata o libro?
- No libro actúa como nome propio pero, que significa a palabra *rubicundo*?

Despois da lectura

1. Que lles parecen as ilustracións? Pensan que describen ben a historia? Imaxinan as personaxes doutro xeito?
2. Rubicundo é cosedor de ventos. Que profesión imaxinaria lles gustaría ter?

Ficha a1 (antes da lectura)

1. Escribir co maior detalle posible o argumento dunha historia na que dous descoñecidos comezan a coñecerse.

This image shows a blank sheet of white paper with horizontal blue lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page, typical of notebook paper. There are no margins, text, or other markings on the page.

2. Que queren dicir as expresións: *fume de carozo* e *mirar en fite*?

Ficha d1 (despois da lectura)

1. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Acibeche (páx. 7)

Ren (páx. 8)

Arrebolar (páx. 10)

Afociñar (páx. 13)

2. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Bufar (páx. 17)

Peitoril (páx. 17)

Deluvar (páx. 20)

Adusta (páx. 22)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Filípica (páx. 22)

Axotar (páx. 22)

Arame (páx. 25)

Estrambótico (páx. 25)

6. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible das palabras da pregunta anterior.

Ficha d2 (despois da lectura)

1. Que lle regala Erea a Rubicundo cando se decide a presentarse?

2. Como se chama o camareiro do café? Debúxao con Rubicundo e Erea.

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras:

Varela (páx. 39)

Enlarafuzar (páx. 39)

Alagar (páx. 40)


Demudar (páx. 40)

Rolla (páx. 40)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Cal foi a primeira profesión que imaxinou Erea que se tiña Rubicundo?

6. En que medio de transporte se move Rubicundo? Debúxao.



7. Escribe algunha outra profesión das que Erea imaxinou para Rubicundo.

Ficha d3 (despois da lectura)

1. Que animal acompaña sempre a Rubicundo? Como se chama?

This image shows a full page of blank, white paper with horizontal blue ruling lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page, typical of notebook or legal stationery. There are no margins, text, or other markings present.



Pedidos a

Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15190 A Coruña
Tel.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

XERAIS

Doutor Marañón, 12 • 36211 Vigo
Tels.: 986 214 888 / 986 214 880
Fax: 986 201 366
xerais@xerais.gal
www.xerais.gal

